

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Xeografía	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	8
3.1. Relación de unidades didácticas	9
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	42
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	43
9. Outros apartados	45

## 1. Introducción

A Xeografía explora as complexas interaccións e interdependencias entre as persoas e o territorio, contribuíndo ao descubrimento do espazo no que viven, desde a referencia da contorna local a un contexto global, servindo tamén de guía para comprender unha realidade ecosocial en constante transformación e atopar o noso lugar no mundo, recoñecendo límites e buscando oportunidades ante os retos do século XXI.

O espazo xeográfico é o obxecto de estudo da xeografía, cuxa finalidade é a comprensión e explicación holística dos procesos naturais e humanos que van modelando ese territorio ao longo do tempo. Como seres con conciencia espazo-temporal, as persoas precisan desta interpretación da realidade que as rodea, máis alá da percepción persoal e colectiva do territorio e do momento e estrutura social nos que se desenvolven as experiencias vitais. Nesta materia de bacharelato, a escala de análise xeográfica céntrase en España, con especial atención ao territorio galego, aínda que dentro dunha perspectiva europea e global, necesaria para

coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo. A comprensión desas realidades próximas e globais é esencial para a construción da personalidade e identidade do alumnado, así como para comprender e respectar as identidades alleas. Ademais, debe constituír a base para exercer unha cidadanía crítica, desde os valores democráticos, o respecto polos dereitos fundamentais e o exercicio da responsabilidade cívica á hora de construír unha sociedade xusta e equitativa en sintonía cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A Xeografía, pola súa natureza práctica, permítelle ao alumnado desenvolverse no uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación grazas ás funcionalidades das tecnoloxías da información xeográfica (TIX). As TIX, ademais de constituír un recurso básico para desenvolver investigacións individuais e en equipo, permiten formular o tratamento interdisciplinario do territorio e, como ferramenta de diagnóstico, presentar e comunicar eficientemente conclusións e propostas de mellora da contorna social do alumnado desde a súa análise crítica, fomentando a súa madurez e participación cívica. A

aplicabilidade da materia de Xeografía convértea nunha disciplina clave da sociedade do coñecemento e do emprendemento social.

Nun contexto de constantes e profundas transformacións no global e no local, a materia de Xeografía debe chegar unha visión integral do medio natural e da sociedade de España, tratando de espertar a curiosidade innata a toda persoa e lograr o gozo dos coñecementos xeográficos. Con tal fin, as competencias específicas fundaméntanse nunha aprendizaxe baseada na investigación dos fenómenos naturais e humanos que se desenvolven no territorio. Estes fenómenos afectan á vida cotiá das sociedades actuais e representan, algúns deles, retos clave para afrontar o futuro, igual que, en ocasións, tamén constituíron desafíos no pasado. As respostas a estes retos ecosociais desde o pensamento xeográfico requiren da aplicación de saberes baseados no rigor científico, a mobilización de estratexias e o compromiso ético coa sostibilidade e a solidariedade na resolución de problemas.

Por todo iso, o estudo da Xeografía de España debe contribuír ao desenvolvemento persoal e á madurez do alumnado, conformando a súa

identidade e fortalecendo a súa empatía ao asumir que vivimos nunha sociedade diversa e con desequilibrios sociais e territoriais que precisa dun desenvolvemento sostible. Como persoas formadas e comprometidas coa ontorna na que viven, o alumnado debe aplicar as competencias específicas e os saberes básicos adquiridos para emprender accións individuais e colectivas que materialicen a súa capacidade de transformalo desde criterios éticos baseados nos valores que compartimos. A materia de Xeografía contribúe a alcanzar os obxectivos xerais da etapa de bacharelato e a adquisición das competencias clave, e permite o desenvolvemento do pensamento xeográfico do alumnado iniciado na etapa anterior coa materia de Xeografía e Historia. Ademais, promóvese o seu desenvolvemento en contextos interdisciplinarios e noutros próximos ás experiencias persoais, que deben aproveitarse para enriquecer a contorna de aprendizaxe do alumnado, tanto de maneira individual como grupal, conectando cos seus intereses e atendendo a necesidades específicas. O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou

estadísticas de distinto tipo) chega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da evolución socioecolóxica dos territorios.

É esencial subliñar o tratamento integrador que a Xeografía lles dá aos fenómenos espaciais, lembrando que a síntese é un obxectivo irrenunciable do pensamento xeográfico, ao que deben contribuír o enfoque interdisciplinario e a dobre dimensión ecosocial. A materia de Xeografía é aberta e flexible para que, tomando como eixe vertebrador os obxectivos e os contidos da materia, o profesorado poida adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos

retos ecosociais de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da Xeografía como saber aplicado. En definitiva, para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio ambiente no contexto actual de cambios e incertezas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os retos ecosociais actuais e futuros de España debatendo desde a perspectiva xeográfica sobre as mensaxes recibidas a través de canles oficiais e extraoficiais, formais e informais, e desenvolvendo o pensamento crítico, para transformar padróns de consumo insostibles e adoptar estilos de vida saudables.	1-3		5	4	20-40	1-4	1	
OBX2 - Comprender a complexidade do espazo xeográfico, mediante a interpretación de fontes de información visuais, para apreciar a riqueza das paisaxes naturais e humanizadas e valorar a sostibilidade como principio das relacións entre os ecosistemas naturais e a acción humana.			4-5	1		1-4	1	1-2
OBX3 - Analizar a diversidade natural de España e a súa singularidade xeográfica dentro de Europa, a través da comparación de características comúns e específicas do relevo, o clima, a hidrografía e a biodiversidade, para reflexionar sobre a percepción persoal do espazo.			1-4		31	1-3		1



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Aplicar as tecnoloxías da información xeográfica (TIX), métodos e técnicas propios ou de ciencias afíns, localizando fenómenos naturais e humanos, e argumentando con rigor os seus límites ou categorías, para resolver eficientemente o problema da escala en calquera análise ou proposta de actuación.	1		1-2	1-2-5		3	1-3	
OBX5 - Asumir a globalización como contexto que enmarca a evolución dos sistemas económicos e os comportamentos sociais recentes, investigando as súas relacións de causa e efecto e creando produtos propios que demostren a interconexión e a interdependencia a todas as escalas, para promover o respecto á dignidade humana e ao medio ambiente como base dunha cidadanía global.	5		1-5	4	31	2-3-4	1	41
OBX6 - Explicar de forma crítica os desequilibrios territoriais de España e da súa estrutura sociolaboral e demográfica, recoñecendo os procesos e as decisións que contribuíron ás desigualdades presentes, para reforzar a conciencia de solidariedade e o compromiso cos mecanismos de cooperación e cohesión españois e europeos.			4		12-31	1-2-3	1-2	32
OBX7 - Mobilizar coñecementos previos, novos e doutros campos do saber ao abordar situacións do pasado, do presente ou do futuro, reorientando eficazmente decisións e estratexias de traballo individual ou en equipo, para achegar solucións innovadoras a contextos en transformación e fomentar a aprendizaxe permanente.	5		1		11-12-32-50	3	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O relevo.	Singularidades do espazo xeográfico español. Evolución xeolóxica. Diferenzas xeomorfolóxicas e litolóxicas das distintas unidades do relevo español. Aplicación das ferramentas características da Ciencia xeográfica.	11	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O clima.	Factores e elementos que condicionan o clima. Tipos de tempo atmosférico. Interpretación dos mapas meteorolóxicos. Diversidade climática de España. Interpretación de climogramas. Escenarios de cambio climático e emerxencia climática.	11	15	X		
3	As paisaxes naturais.	As formacións vexetais. Os grandes dominios bioxeográficos en España. Análise de cliseries de vexetación. Problemas ambientais derivados da acción antrópica. Política medioambiental.	6	8	X		
4	A actividade industrial.	As materias primas e as fontes de enerxía. Transición enerxética en España. O proceso de industrialización en España. A industria española na actualidade. Os problemas da industria. A política industrial. O sector secundario no ámbito da Unión Europea e a globalización.	6	7	X		
5	As augas. Os recursos hídricos.	Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos. Identificación dos réximes fluviais e interpretación dos hidrogramas correspondentes. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos.	9	10		X	
6	A poboación española.	Fontes para o estudio da poboación. A distribución espacial da poboación española. O movemento natural. A evolución demográfica. Movements migratorios e crecemento real. Estrutura da poboación e desequilibrios. As pirámides de poboación. Problemática actual e perspectivas de futuro. O caso galego.	12	15		X	
7	O poboamento e as cidades.	Poboamento rural e poboamento urbano. Concepto de cidade e o proceso de urbanización. Morfoloxía e estrutura das cidades españolas. Os problemas urbanos. Analizar e comentar planos de cidades e unha paisaxe urbana. A ordenación do espazo urbano. O urbanismo. O sistema urbano español.	12	12		X	
8	As actividades do sector primario.	O espazo rural. Os condicionantes naturais e humanos do espazo agrario. As actividades agrarias. As paisaxes agrarias, morfoloxía e estrutura. Os espazos da actividade pesqueira. Os problemas do sector primario e o camiño cara a unhas prácticas sostibles. O sector primario e a	12	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	As actividades do sector primario.	Unión Europea (PAC-PPC).	12	12			X
9	As actividades terciarias.	A terciarización e os desequilibrios territoriais en España. Os sistemas de transporte e a organización do territorio. Os espazos turísticos e a súa influencia na paisaxe.	11	12			X
10	A diversidade rexional española.	A organización político-administrativa de España e Galicia. Os desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Xestión e ordenación do territorio.	5	5			X
11	A proxección internacional de España.	España e Galicia en Europa. España e Galicia no mundo. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos no ámbito europeo e mundial.	5	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O relevo.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Comprende a complexidade do espazo xeográfico, mediante a interpretación de distintas fontes de información visuais: mapas, planos, imaxes,... e utiliza adecuadamente as ferramentas características da Ciencia xeográfica para a localización de fenómenos naturais-físicos e a diferentes escalas.	PE	90
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Comprende e explica os principais trazos do relevo de España, sendo capaz de sinalar ou localizar sobre un mapa físico de España, unha imaxe xeográfica,... as distintas unidades do relevo español, comentando as súas características.		
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Identifica e clasifica as unidades do relevo español peninsular e insular, segundo as súa evolución xeolóxica e as súas características xeomorfolóxicas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Fai o comentario guiado dun/s documento/s xeográficos: corte topográfico, mapa litolóxico, gráficos de distinto modelado...		
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	É capaz de traballar con diferentes documentos, mapas e fontes xeográficas e producir traballos sobre a xeografía física.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.</li> <li>- Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.</li> <li>- Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O clima.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Representa e/ou comenta climogramas específicos de cada clima e utiliza adecuadamente as ferramentas características da Ciencia xeográfica para extraer conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas.		
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Comenta a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.	PE	90
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Identifica e clasifica os dominios climáticos, e comenta as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os distintos tipos de tempo atmosférico peninsulares ou insulares.		
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Analiza e comenta os escenarios de cambio climático nos diferentes dominios bioclimáticos do territorio peninsular e insular.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.</li> <li>- Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.</li> <li>- Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termopluviométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles.</li> <li>- Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	As paisaxes naturais.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Identifica e distingue sobre unha imaxe xeográfica os espazos naturais e humanizados, enumerando os seus elementos constitutivos.		
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas e identifica as súas características.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realzando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas.	Diferencia as principais características das paisaxes naturais españolas e formula os problemas suscitados pola interacción entre a actividade humana e o medio natural.		
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Analiza razoadamente unha cliserie: identifica os pisos vexetais que se suceden, os factores que inflúen na variación das formacións vexetais, o posible aproveitamento deses recursos vexetais, a actuación humana sobre a vexetación natural.		
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Sabe obter e seleccionar a partir de distintas fontes, información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade, identificando e formulando os problemas suscitados pola súa interacción.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.</li> <li>- Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas.</li> <li>- Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade.</li> <li>- Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A actividade industrial.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Analiza o proceso de industrialización español, establecendo as características históricas que levaron á configuración actual da industria española e ás súas diferenzas rexionais.	PE	90
CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais.		
CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	Comprende e explica a influencia das políticas da Unión Europea e explica o impacto da deslocalización e a globalización sobre os sectores da industria española e galega.		
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro no contexto da política da U.E e a globalización.		
CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Comprende o impacto da dependencia e transición enerxética sobre os sectores da industria española e galega.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial.</li> <li>- España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo.</li> <li>- Sector secundario. Os espazos industriais. Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Avaliación de pegadas ecolóxicas; dependencia e transición enerxéticas; estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. Impacto da deslocalización sobre sectores da industria española. Estudo de casos: construción, automobilístico, agroalimentario etc. e factores de localización. Espazos industriais e tendencias en Galicia. O debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	As augas. Os recursos hídricos.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sostibilidade do medio.	Localiza nun mapa de España as principais cuncas e vertentes fluviais a e enumerando comenta as súas características.	PE	90
CA2.3 - Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realzando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas.	Identifica e analiza as características dos principais réximes fluviais e os relaciona coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.		
CA2.4 - Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	Analiza o aproveitamento dos recursos hídricos a través da representación e/ou comentario de hidrogramas e estatísticas que reflicten as épocas de seca e enchente dos ríos da Península Ibérica, e saca conclusións.		
CA2.1 - Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	Explica a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e/ou localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas.</li> <li>- Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termopluviométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles.</li> <li>- Biodiversidade, chans e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de chans e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas.</li> <li>- Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sostibilidade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A poboación española.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	Selecciona e analiza taxas demográficas que amosan a configuración da poboación española, definindo a súa evolución e as súas perspectivas de futuro.	PE	90
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Comenta o mapa da densidade de poboación e pon en relación a distribución actual da poboación cos procesos migratorios no pasado e as migracións recentes, salientando un respecto pola diversidade étnica cultural.		
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións de futuro.		
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Fai uso das ferramentas de estudo da poboación (gráficos, mapas, pirámides de poboación, táboas estatísticas, ¿) para analizar a estrutura e desequilibrios da poboación española e galega resaltando o envellecemento e o despoboamento rural.		
CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	Presenta e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos utilizando as ferramentas de estudo da poboación: gráficos, mapas, pirámides de poboación, táboas estatísticas, etc.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios. Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	O poboamento e as cidades.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Cuestionar modos de vida insostibles mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta ou a partir dunha fonte gráfica.	PE	90
CA3.3 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Describe a rede urbana española, comenta as súas características e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea.		
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Identifica e analiza as características do proceso de urbanización, sinalando a influencia histórica no plano da cidade.		
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Identifica sobre un mapa e explica a xerarquización urbana e os eixes urbanos de España.		
CA3.2 - Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	Selecciona e analiza información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español que amose a configuración e a problemática do sistema urbano español.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	As actividades do sector primario.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Describe as actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras, especificando as características e peculiaridades do sector primario en España e Galicia.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Identifica e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das distintas paisaxes agraria e pesqueiras españolas.		
CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias e pesqueiras españolas e galegas e explica a situación actual do sector primario no contexto da Unión Europea.		
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Analiza mapas, estatísticas, gráficos comparativos das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas e galegas fronte a outros sectores de actividade.		
CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	Identifica e analiza as prácticas sostibles e insostibles no sector primario.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial.</li> <li>- España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo.</li> <li>- Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sostibles e insostibles. O valor socioambiental e económico dos produtos agroalimentarios e forestais de proximidade: indagación de pegadas ecolóxicas e da estrutura sociolaboral. O exemplo galego. Influencia da actual política agraria común no desenvolvemento rural e na sostibilidade. Estudo de casos: etiquetaxes diferenciadas, ecolóxico etc.</li> <li>- Os recursos mariños e a transformación do litoral: pesca, acuicultura e outros aproveitamentos. Sostibilidade e política pesqueira común. O caso galego. Estudo de casos: marisqueo, pesca de baixura e altura, acuicultura, sobreexplotación de caladoiros etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	As actividades terciarias.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Explica a incidencia do sector servizos para a economía española e galega, analizando a súa distribución e o impacto no medio.	PE	80
CA1.4 - Expresar a necesidade de preservar o medio ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	Localiza nun mapa os espazos turísticos, enumera as súas características e as desigualdades rexionais e o seu posible impacto na paisaxe. Analiza e comenta unha paisaxe transformada polo turismo.		
CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	Comenta e analiza sobre un mapa como articulan o territorio as actividades terciarias, en especial os transportes.		
CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Explica e valora os modelos insostibles de servizos, en especial do turismo de masas, e propón posibles alternativas.	TI	20
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Analiza información de contido xeográfico (mapas, estatísticas, gráficos, imaxes¿) relativa á actividade ou ao espazo do sector servizos español e galego, comparando a súa importancia fronte a outros sectores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial.</li> <li>- España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo.</li> <li>- Sector terciario. Os espazos terciarizados. O modelo de economía circular e os servizos: relacións entre produción, distribución e venda. Análise crítica de pegadas ecolóxicas, estrutura sociolaboral, responsabilidade social corporativa e dos consumidores. Estudo de casos: competitividade e desequilibrios en transporte, comercio, turismo, servizos esenciais etc. e factores de localización. Modelos insostibles de servizos e alternativas. Modelos de ocupación dominante en Galicia.</li> <li>- A economía dixital: impacto da "economía colaborativa" e novos modelos de negocio no contexto global e da Unión Europea.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	A diversidade rexional española.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Explica a ordenación territorial española a partir de mapas e é quen de enumerar os desequilibrios e os contrastes territoriais de España, así como os mecanismos correctores.	PE	90
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Aplica dun xeito eficiente os métodos da xeografía (obtendo, seleccionando e analizando información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España), para entender os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación actual e proxeccións do estado do benestar.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	A proxección internacional de España.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	-Explica a posición de España na UE e extrae conclusións da política rexional e de cohesión territorial que afecta a España. -Localiza a situación española entre as grandes áreas xoeconómicas mundiais e identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España	PE	90
CA1.2 - Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	Entende as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica (mapas, fontes estatísticas ou gráficas).	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.
- España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A

A intervención educativa na materia de Xeografía desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nas aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa. O obxectivo prioritario é conseguir unha clase activa e participativa afastada do exclusivo protagonismo do docente como mero subministrador dos contidos da materia.

Partindo sempre dos coñecementos previos intentaremos construír unha aprendizaxe significativa, non nos quedaremos nunha mera nomenclatura pedagóxica e seguiranse as instrucións do Grupo de Traballo da materia.

A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente

presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

- A énfase na atención á diversidade do alumnado, co uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- O uso de estratexias nas que o alumnado exercite tanto procesos instrumentais como actitudes para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica, baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio natural no contexto actual de cambios e incertezas.

- O desenvolvemento no alumnado de fundamentos propios a través dun enfoque interdisciplinario, aproveitando o carácter globalizador e integrador da materia coa presentación da información en diferentes linguaxes que inclúan aspectos tanto visuais como verbais e estimulando a participación en debates

sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade xeográfica.

- Analizar problemas sociais e ambientais relevantes, que faciliten asimilar os conceptos teóricos por parte do alumnado e que lle permita unha comprensión xusta e igualitaria do mundo no que vive. Trataremos de que a vinculación continua da materia coa realidade na que opera o alumnado sirva tamén de motivación de cara á materia.

- O emprego de métodos cuantitativos de carácter serial, gráfico e estatístico que lle proporcione ao alumnado información de diferentes fontes que permitan elaborar un discurso que fomente a igualdade e a sostibilidade, requisitos que caracterizan as ciencias sociais.

- Impulsar o uso das TIC como instrumento para traballar a análise espacial, aproveitando en particular a potencialidade dos dispositivos móbiles, webs e un uso crítico das diversas fontes; xestión de datos estatísticos; cartografía e fotointerpretación.

- Para o desenvolvemento da materia e para a realización dos exames teranse moi en conta as indicacións establecidas polo grupo de traballo de



Xeografía de España para as probas ABAU (CIUG). Todos os contidos da materia e as actividades que se realizarán están á disposición do alumnado no espazo destinado ao noso Departamento na aula virtual do Centro creada con este fin ; trátase dun material elaborado polos membros do Departamento. Na mencionada Aula Virtual estará a disposición do alumnado a presentación dos distintos temas e actividades a traballar ao longo do curso. Ditas presentacións (en diapositivas), xunto con outros recursos TIC e o libro de texto, utilizaranse no día a día para avanzar na explicación dos contidos. Combinaranse clases nas que a docente explicará na aula a parte teórica da materia (que afrontarán na proba de ABAU a través da definición de conceptos e o desenvolvemento dun tema), con outras nas que guiará ao alumnado na técnica dos comentarios de documentos xeográficos (mapas temáticos, climogramas, imaxes de paisaxe natural ou humanizada, gráficos...) que tamén forman parte da proba de ABAU. Noutras ocasións serán os alumnos e alumnas os que aplicarán na aula os coñecementos adquiridos ás cuestións prácticas propostas, ao mesmo tempo que se irán

explicando as dúbidas que vaian xurdindo, ampliando as explicacións teóricas se fose necesario. Dada a densidade do programa será necesario que parte desas actividades prácticas sexan realizadas polo alumando nas súas casas, poderán ser comentadas posteriormente na aula de forma grupal ou fixarase un prazo de entrega, tras o que a docente devolverá ditos traballos corrixidos de forma individual

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto.
Recursos e apuntamentos do docente.
Aula virtual do centro
Fichas fotocopiabiles
Recursos Abau e grupo de traballo de Xeografía
Información aportada por webs de contidos xeográficos.

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto (- “XEOGRAFÍA”. Galicia. 2º Bacharelato. Autor: M<sup>a</sup> Concepción Muñoz-Delgado. Editorial Anaya, 2023) é un apoio para o

profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo docente ou aportado por webs de contido xeográfico, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, utilizaremos a Aula virtual a través da cal podemos facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...).

Acudiremos á información e orientacións presentadas pola CIUG na súa páxina web (Exames ABAU de anos anteriores, información do Grupo de Traballo de Xeografía).

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación Inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos do alumnado. Un instrumento desta Avaliación pode ser unha Proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos da Xeografía, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., comentario guiado dun gráfico, mapa, imaxe, táboa estatística..., que permitan coñecer se o alumnado domina os procedementos básicos da nosa área.

Nas sesións de Avaliación Inicial programadas no Centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na Xunta avaliadora. Ademais, na parte que corresponde ao noso

Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para cada alumno/a.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que ser valoradas numéricamente, xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>9</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>5</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	80	90
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	20	10

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	<b>89</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	<b>11</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo uns instrumentos de avaliación que diferenzan probas escritas (PE) e táboa de indicadores (TI),

resultando que as probas escritas terán un valor do 90% e o as táboas de indicadores un 10%.

Probas escritas:

- Sempre que o permita a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación dúas probas escritas (1º e 2º Parcial) e, de ser o caso, algunha proba máis breve. Ditas probas suporán o 90% da cualificación e poderán constar de:

- . Preguntas teóricas: definicións de conceptos, preguntas curtas, desenvolvemento de temas de contido xeográfico...

- . Cuestións de tipo máis práctico: localización sobre un mapa de determinados espazos, comentario guiado dun mapa (análise de mapas físicos, políticos ou temáticos, planos...), imaxes xeográficas, gráficos (diagramas ombrotérmicos, hidrogramas, cliseries, pirámides de poboación...)...

- Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consonancia cuns criterios obxectivos que o docente ten previamente fixados.

- Os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes avaliacións.
- A falta de asistencia a un exame só se poderá xustificar mediante documentación oficial (informe médico, etc) para ter dereito facer outro exame coa mesma materia. De non existir o xustificante reglamentario, o exame se cualificará con insuficiente cero.
- Copiar nun exame (utilizando calquera medio) supoñerá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero.

Táboa de indicadores:

- En cada Avaliación valorarase cun 10% da nota a presentación oral e/ou escrita de comentarios de distintos documentos (mapas temáticos, gráficas, imaxes...). Neste tipo de actividades avaliarase a capacidade de síntese e análise, a comprensión e desenvolvemento das actividades, a calidade, exposición e presentación do traballo... Para a corrección destes traballos poden empregarse rúbricas adaptadas a cada tarefa.
- Os alumnos e alumnas de 2º de BAC deben de ter a responsabilidade de cumprir os prazos e as condicións de entrega indicados pola docente, por iso é importante destacar que NON se corrixirá nin

se terá en conta para a Avaliación ningún traballo, exercicio, comentario ou calquera tipo de tarefa que NON se realice e/ou entregue en prazo.

- A nota da Avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota Avaliación} = [ (\text{Media P.E.} \times 90) + (\text{Media T.I.} \times 10) ] / 100.$$

A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso. A Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior. No caso de resultar unha Avaliación suspensa levarase a cabo un plan de recuperación, tal e como se explica no apartado "Criterios de recuperación"..

- Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se aplicou ás unidades de cada Avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [ (\text{Nota 1ª aval.} \times 34) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 33) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 33) ] / 100.$$

Os alumnos e as alumnas que teñan unha nota media de 5 puntos ou superior terán superada a materia. Os alumnos e alumnas que non cheguen a esa nota media terán outra oportunidade para



recuperala, tal e como se explica no apartado "Criterios de recuperación".

**Criterios de recuperación:**

- Ao longo do curso o/a docente facilitará material de apoio e reforzo aos alumnos e alumnas que teñan unha Avaliación suspensa e estará a disposición do alumnado para realizar as aclaracións e correccións pertinentes encamiñadas a solucionar o seu déficit na materia.
- Os alumnos e alumnas que, tras finalizar as probas da 3ª Avaliación, teñan unha nota media inferior a 5 puntos (media das tres avaliacións parciais) por ter algunha/s Avaliación/s suspensa/s terán a oportunidade de facer unha Proba de recuperación de dita/s Avaliación/s, que será sinalada antes da data fixada por Xefatura para a sesión da Avaliación Final Ordinaria de 2º Bacharelato no mes de maio. Esta proba de recuperación puntuaranse sobre dez e figurará nela o valor de cada pregunta.
- Feita a Proba de recuperación anteriormente mencionada:
  - a) No caso de aprobar a/s Avaliación/s na

recuperación, a nota obtida será a que compute para a nota media final da Avaliación Ordinaria.

b) No caso de que a nota da recuperación sexa inferior a 5, utilizarase para a media final a nota máis alta das dúas obtidas.

- Os alumnos e alumnas que, tras o proceso de recuperación teñan unha nota media inferior a 5 (media das tres avaliacións parciais), deberán presentarse a unha Proba Extraordinaria no mes de xuño.

- Dende a Avaliación Final Ordinaria de 2º de Bacharelato ata o remate do curso realizaranse actividades de preparación da ABAU para o alumnado que aprobase o curso e desexe presentarse a dita proba, ademais de actividades de apoio, reforzo e recuperación para o alumnado que deba presentarse á Proba Extraordinaria.

- A proba da Convocatoria Extraordinaria celebrárase segundo o calendario que elabore Xefatura de Estudos. A cualificación será a obtida na Proba obxectiva Extraordinaria, na que se empregará unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o Departamento de Orientación, deseñarase unha Avaliación Inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo as medidas necesarias para o correcto desenvolvemento da atención á diversidade.

- Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar,... estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas

capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

- Así, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH/TDA, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do/a profesor/a e, na medida do posible, ao lado de compañeiros/as que lle sirvan de referente de tranquilidade, de orde e axuda.

- En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos xeográficos estudados. Para os contidos de maior dificultade, procurarase proporcionar aos alumnos e alumnas:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.

- Actividades con diferentes graos de profundización.

- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital, webs e apps	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial				X		X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico				X		X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero						X	X	X
ET.8 - Creatividade			X	X		X		

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital, webs e apps	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.8 - Creatividade	X		

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial:

- A comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos...

- A Tecnoloxía da Información e a Comunicación insistirá na competencia dixital e a comunicación audiovisual, resaltando o uso de webs e apps específicas, esta será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades:

- O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa que enriquezan o clima da aula.

- Importante na materia de Xeografía será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia pola diversidade.

Ademais dos elementos transversais traballados

nos anteriores epígrafes, traballaranse tamén de forma específica os seguintes elementos transversais:

- Incluirase como elemento transversal a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.

- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.

- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.

Pretendemos así que o noso alumnado teña unha visión real sobre os problemas da relación do home co seu medio natural e sobre as complexas relacións sociais, que deben estar marcadas polos valores éticos da tolerancia, a igualdade, a liberdade, a xustiza, a solidariedade e a sostibilidade.



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións de interese, museos...	Actividades complementarias.	X	X	X
Roteiros e excursións de interese xeográfico, histórico ou cultural	Actividades complementarias.	X	X	X
Asistencia a charlas de interese didáctico	Actividades complementarias.	X	X	X
Asistencia a representacións teatrais ou proxeccións de cine de interese para a materia	Actividades complementarias	X	X	X

### Observacións:

O Departamento acóllese á posibilidade de realizar algunha actividade programada polo Concello de Narón que se axuste ao temario da materia, para coñecer, por exemplo, o patrimonio natural, etnográfico, ou cultural do Concello.

Entendemos que todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado, así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e axustados.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
As actividades foron variadas e motivadoras.
Medidas de atención á diversidade
Realizouse a avaliación inicial.

#### Descrición:

Cada trimestre os membros do Departamento reflexionarán sobre a Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente. Os criterios de análise e os indicadores de logro utilizados versarán sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación), o desenvolvemento da mesma (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e a Avaliación (Avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación...). Empregaranse niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración

que irá de Boa a Aceptable e Mellorable.

#### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará o seguimento da Programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de Avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita Programación resulte máis real, aplicable e operativa.

A Programación avaliarase a través do documento Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de Departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES As Telleiras para avaliar a Programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de Avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e

instrumentos de Avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese en Bacharelato un mínimo do 70%. Cando se considere que a Programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da Programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da Programación Didáctica.

Se o grao de desenvolvemento da Programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

Toda esta información será valorada polos membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da Programación (masificación das aulas, clima da aula, aproveitamento dos recursos, dificultades engadidas para atender á diversidade, perda de sesións de clase, etc.). Con todo isto se elaborará un informe detallado nas

actas do Departamento.

Finalmente, na memoria final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fose necesario poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a Programación á temporalidade e á realidade.

## **9. Outros apartados**